

25 de marzo de 2010

## “DEREITOS HUMANOS , DEREITOS DAS MULLERES”

Presente hoxe en 150 países, **Amnistía Internacional** foi fundada en 1961 por Peter Benenson. Este avogado británico leu un día na prensa que uns estudantes portugueses foran encarcerados por brindar pola liberdade no seu país. Foi o catalizador que lle levou a publicar o 28 de maio de 1961 o artigo "Os presos esquecidos" no diario «The Observer». Nel instaba a persoas de todo o mundo a actuar para conseguir a excarceración de seis reclusos aos que denominou "presos de conciencia": persoas encarceradas polas súas conviccións políticas, relixiosas ou outros motivos de conciencia, que non recorreron á violencia nin propugnarán o seu uso

O que empezou como un acto puntual pronto se transformou nun movemento internacional de carácter permanente. Ao cabo dun ano, a nova organización xa enviara delegacións a catro países para elevar protestas en favor de varios presos e se fixera cargo de 210 casos.

A medida que **Amnistía Internacional** foi medrando, o seu foco de atención foise ampliando a vítimas doutros abusos dos dereitos humanos, como a tortura, as «desaparicións» e a pena de morte.

En 1977 os esforzos do movemento foron recompensados co **premio Nobel da Paz**, e en 1978 a organización foi galardoada co **Premio de Dereitos Humanos de Nacións Unidas**. Na actualidade é **membro consultivo de Nacións Unidas**.

Dentro das accións levadas a cabo pola organización **en marzo de 2004 lanzamos unha campaña internacional denunciando a violencia contra ás mulleres**.

O noso obxectivo é pór de relevo a gravidade e a **dimensión universal do problema**, e conseguir que os Estados asuman a súa responsabilidade ante estas violacións de dereitos humanos que non teñen escusa.

**Queremos que as leis dos Estados consideren a violencia e os abusos contra as mulleres como delitos graves, que se acabe coa impunidad dos seus autores e que se repare ás vítimas.**

É neste contexto onde, conscientes de que son moitos os esforzos que desde distintos ámbitos se están a realizar para por fin a esta lacra, pretendemos levar a cabo unha **Xornada de intercambio de experiencias** para compartir os traballos que desde o campo da Administración Pública, do asociacionismo, do traballo social e do xornalismo e a comunicación se están a facer.

Para isto convidamos a:

**Belén Liste Lázara** Subdirectora Xeral para o tratamento da violencia de xénero da S. Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia

**Pilar Sanmartín Ferrer** educadora social no Centro da Muller Vagalume

**Esther Basanta** Regodesebes Coordinadora para Galicia da Fundación Mulleres

**Belén Puñal Rama** vogal responsable da muller do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia

**Paula Goberna Prieto** de Amnistía Internacional

**Biblioteca Pública "Anxel Casal" (Avda. Xoán XXIII s/n, Santiago)**

**Mesa redonda "Non máis violencia contra as mulleres" Xoves ,25 de marzo, as 19,30 horas**

## O PROBLEMA



Centro de mulleres en Barrancabermeja xestionado pola Organización Feminina Popular (OFP), 2003. ©AI

A violencia contra as mulleres é probablemente a violación dos dereitos humanos máis habitual e que afecta a un maior número de persoas.

Millóns de mulleres e nenas no mundo son vítimas de violencia por razón do seu sexo. Na familia e na comunidade, en tempos de guerra e de paz, a violencia contra as mulleres é, ademais da máis estendida, a violación de dereitos humanos máis oculta e impune.

A violencia contra as mulleres está presente en todas as sociedades do mundo, sexa cal sexa o seu sistema político ou económico. Non sabe de culturas, clases sociais nin etnias. Este escándalo cotián se manifesta de diferentes maneiras e ten lugar en múltiples espazos, pero ten unha raíz única: a discriminación universal que sofren as mulleres pola mero feito de selo.

En todo o mundo, as mulleres organizáronse para pór ao descuberto e combater a violencia de xénero. Estes grupos de mulleres organizadas lograron modificacións en leis, políticas e costumes. Porén, a pesar destes importantes avances, nalgúns zonas do mundo aínda existen leis e políticas abertamente discriminatorias e na práctica totalidade do planeta a discriminación "de feito" segue sendo unha realidade.

A lexislación internacional responsabiliza aos Estados das violacións de dereitos humanos cometidas tanto por axentes estatais coma por particulares. Esta responsabilidade inclúe previr, investigar e sancionar a violencia, así como reparar ás vítimas.

# DOCUMENTACIÓN

**AMNISTÍA  
INTERNACIONAL** 

AMNISTÍA INTERNACIONAL

Santiago de Compostela

T: +34 981 524 559  
E: [santiago@es.amnesty.org](mailto:santiago@es.amnesty.org)  
W: [www.es.amnesty.org](http://www.es.amnesty.org)

## A MAGNITUDE DO PROBLEMA



Bellaflor Castillo Angara-Castillo (en primeiro plano), membro da Cámara de Representantes de Filipinas e autora dun proxecto de Lei dirixido a combater a violencia contra as mulleres, coa directora da Sección Filipina da Amnistía internacional (ao fondo á esquerda) nunha concentración convocada con obxecto de captar apoios. © AI

A violencia contra as mulleres é a violación dos dereitos humanos máis estendida do noso tempo. As estatísticas mostran que se trata dunha traxedia de dimensións mundiais, que evidencia que en ningún recuncho do planeta os dereitos humanos das mulleres son garantidos.

Calcúlase que unha de cada tres mulleres no mundo é mallada, obrigada a manter relacións sexuais ou sometida a algún outro tipo de abusos ao longo da súa vida. Segundo informes da Organización Mundial da Saúde, o 70% das mulleres que son vítimas de asasinato morren a mans do seu compañeiro.

O 80% das vítimas das armas lixeiras no mundo son mulleres, nenos e nenas, e nos conflitos armados máis recentes, a violencia contra as mulleres utilizouse como arma de guerra. En Ruanda e Bosnia Herzegovina miles de mulleres foron violadas, mutiladas, secuestradas e asasinadas, accións que posteriormente se recoñeceron como crimes de guerra e xenocidio por Tribunais Internacionais.

Estes datos son só a "punta do iceberg ", pois só se coñece e rexístra unha pequena parte dos abusos producidos, xa que as vítimas non informan diso moi a miúdo por vergonza ou porque temen que a reacción sexa de escepticismo, de incredulidade ou de máis violencia. A invisibilidade da violencia contra as mulleres permite que os gobernos, as comunidades e os particulares fagan caso omiso das súas responsabilidades.

En Europa, decenas de miles sofren violencia a mans das súas parellas e ex parellas, son explotadas e tratadas como mercadoría, son branco de atroces actos de violencia sexual, sometidas a mutilación xenital e a matrimonios forzosos.

En Suecia, só o 12% das violacións denunciadas á policía desemboca en xuízo. En Dinamarca, o sexo sen consentimento no matrimonio non está penado. En Francia, unha muller morre cada tres días a mans da súa parella. En Alemaña, unha de cada cinco sofre violencia física ou sexual, e en España, as vítimas de violencia en situación irregular, enfróntanse a unha expulsión se se deciden a denunciar.

A Unión Europea debe dar unha resposta coordinada e sistemática á violencia contra as mulleres e nenas. O Observatorio Europeo de Violencia de Xénero que promove o Goberno español é un primeiro paso importante, pero deberá ser independente, abarcar todas as formas de violencia de xénero e vixiar a resposta institucional ante a violencia. Así mesmo, cómpre que no ámbito da Unión Europea e dos Estados membros se garantan procedementos axeitados para identificar, protexer e ofrecer indemnización ás persoas obxecto de trata.

# DOCUMENTACIÓN

AMNISTÍA  
INTERNACIONAL

AMNISTÍA INTERNACIONAL

Santiago de Compostela

T: +34 981 524 559  
E: [santiago@es.amnesty.org](mailto:santiago@es.amnesty.org)  
W: [www.es.amnesty.org](http://www.es.amnesty.org)

## OS ESPAZOS DA VIOLENCIA



Nonhlanhla Dlamini, Directora do Grupo de Acción contra os Abusos de Swazilandia, consola a unha moza vítima de violación, Swazilandia, 2003. © AI

Aínda que todas as formas de violencia contra as mulleres están relacionadas, xa que parten dunha raíz común, é importante destacar as diferentes manifestacións e espazos da violencia.

A violencia cometida no medio familiar é a máis habitual e xeralmente a máis impune. As mulleres de todo o mundo teñen maior probabilidade de ser magoadas, violadas ou asasinadas polo seu compañeiro actual ou anterior que por outra persoa. O domicilio privado, considerado miticamente "santuario" de tranquilidade e referente de seguridade, é para millóns de mulleres un lugar de sufrimento, onde reciben maltrato, tortura e incluso a morte.

Ademais, por outra banda, moitas nenas sofren abusos sexuais no fogar, mutilación xenital feminino e outro prácticas tradicionais lesivas para as mulleres. En moitos países as mulleres son obrigadas a matrimonios forzados e a desobediencia é castigada polas súas familias con ataques violentos ou coa morte.

Na comunidade, as mulleres sofren violación, abusos sexuais e acoso sexual no traballo, nas institucións educativas e outras espazos. A trata de mulleres, a prostitución forzada e o traballo forzado tamén se inclúen dentro desta categoría, como os abusos contra as traballadoras domésticas - reclusión, brutalidade física, condicións de escravitude e agresión sexual. A persecución e a violencia contra mulleres lesbianas, estigmatizadas e violadas para corrir a súa desviación por encargo das súas propias familias.

Moitas mulleres sofren violencia por parte de axentes do Estado. Amnistía Internacional documentou numerosos casos de violación e tortura a detidas por parte de policía e gardas de prisións. Ademais, por pertencer a unha determinada minoría étnica, miles de mulleres son sometidas a esterilizacións forzosas e as mulleres migrantes son máis vulnerables a sufrir discriminación e abusos sexuais por policía, gardas de fronteiras, funcionarios de inmigración.

En tempos de guerra, as mulleres e nenas son a miúdo obxectivo militar. Por outra banda, a gran maioría das persoas refuxiadas e desprazadas internas a causa dos conflitos, son mulleres e nenas. Nestes contextos as mulleres son violadas, secuestradas, mutiladas e escravizadas sexualmente ou como combatentes. A violación sistemática ás mulleres e nenas do bando inimigo foi utilizada como arma de guerra nos últimos conflitos tanto por exércitos gobernamentais coma por grupos armados.

# DOCUMENTACIÓN

**AMNISTÍA**  
INTERNACIONAL

AMNISTÍA INTERNACIONAL

Santiago de Compostela

T: +34 981 524 559  
E: [santiago@es.amnesty.org](mailto:santiago@es.amnesty.org)  
W: [www.es.amnesty.org](http://www.es.amnesty.org)

## OS RESPONSABLES



Unha muller na Prisión Central de Katsina, Nixeria, que se enfrenta á pena de morte por abortar. © AI

A pesar de que o dereito internacional considera a violencia contra as mulleres unha violación dos dereitos humanos, esta declaración realizada pola ONU en 1993 non foi acompañada de medidas eficaces, imprescindibles sobre todo no ámbito estatal e local.

Os autores dos actos de violencia contra as mulleres poden ser funcionarios ou outros axentes do Estado, pero na maior parte dos casos trátase de particulares. Esposos ou compañeiros, familiares, médicos, líderes relixiosos, xefes e empresas poden ser responsables de violencia contra as mulleres e teñen obrigas básicas con respecto aos dereitos humanos.

Porén, no caso da violencia producida por particulares, ademais da responsabilidade dos autores existe unha responsabilidade directa do Estado se non adopta medidas para impedir a violación dos dereitos, investigar e sancionar estes actos e proporcionar reparación ás vítimas.

A violencia contra as mulleres nos conflitos armados debe ser visibilizada e sancionada por parte dos Estados e se é o caso por Tribunais Internacionais. As vítimas deben ser debidamente reparadas e debe garantirse que os abusos non volvan producirse.

Cando as situacións de abuso transcenden as fronteiras como a trata de mulleres e nenas, os abusos contra traballadoras migrantes, refuxiadas ou migrantes indocumentadas é especialmente complicado establecer responsabilidades e garantir protección a mulleres de quen ningún país se fai responsable.

# DOCUMENTACIÓN

**AMNISTÍA**  
INTERNACIONAL 

AMNISTÍA INTERNACIONAL

Santiago de Compostela

T: +34 981 524 559

E: [santiago@es.amnesty.org](mailto:santiago@es.amnesty.org)

W: [www.es.amnesty.org](http://www.es.amnesty.org)